
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 13 DE SETEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada AC-175, dende o p.q. 0+000 ao p.q. 0+550, a prol do Concello de Oleiros.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Estrada para a execución de actuación de restauración e conservación do bosque de ribeira do río Umia. Tramo: A Estrada (Pontevedra), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos noventa e nove mil oitocentos dezaseis euros con corenta e un céntimos (299.816,41 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), XESGALICIA Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado S.A.U., o Consorcio da Zona Franca de Vigo, e Vigo Activo Sociedad de Capital Riesgo S.A., para o desenvolvemento da sexta edición do Programa Viagalicia; e por importe total de dous millóns catrocentos nove mil catrocentos cincuenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (2.409.456,45€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a

Université de la Sorbonne Nouvelle, Paris III (Francia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).

- Acordo polo que se ratifica o incremento do complemento específico do persoal docente dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e do que exerce a función inspectora, derivado do Acordo do 18 de xullo de 2018 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais, sobre as retribucións do persoal docente dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación e do que exerce a función inspectora, por un importe total de corenta e un millóns cento nove mil cincuenta e dous euros (41.109.052 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación suxeita á regulación harmonizada para o servizo de execución de programas en réxime de acollemento residencial e de atención de día, dirixidos a menores con medida de protección. 516 prazas. Procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 75/2018). Importe de licitación: corenta e sete millóns novecientos setenta e dous mil novecientos setenta e dous euros con dezaseis céntimos (47.972.972,16 €). Valor estimado: noventa millóns trescentos trinta e catro mil setecentos trinta euros con setenta e cinco céntimos (90.334.730,75 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas, procedemento abreviado 474/2018, seguidas ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Carballo, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Ana Belén Varela Ordóñez.
- Informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2018.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución da Administración dixital: cadro de indicadores xaneiro-xuño 2018.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a situación actual do sector eólico.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as novas unidades de atención temperá subvencionadas pola Consellería de Política Social no marco da Rede Galega de Atención Temperá e cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PRIMEIRO REGULAMENTO DO TAXI DE GALICIA, QUE ABRE A POSIBILIDADE DE QUE ESTES VEHÍCULOS POIDAN OFRECER SERVIZOS COMPARTIDOS AOS USUARIOS

- ***O proxecto ofrece maior seguridade xurídica aos profesionais e unifica a tramitación administrativa para obter os títulos municipais e autonómicos para a prestación dos servizos***
- ***Detállase o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis, que van desde a axuda no acceso e coa equipaxe ata decidir sobre o aire acondicionado e o volume da radio***
- ***O novo regulamento é froito dunha fase de consultas con profesionais do sector e usuarios e incorpora as achegas destes colectivos***
- ***Desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta, ámbitos de dous ou máis concellos limítrofes con influencia recíproca entre os servizos de taxi, nas cales estes vehículos poderán operar no conxunto do territorio***
- ***Os vehículos con máis de 7 prazas, incluído o condutor, deberán dispoñer dunha praza adaptada para o transporte de persoas en cadeira de rodas***
- ***Desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC en Galicia deberán dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade, requisito para o que a Xunta xa está a tramitar a preceptiva orde***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia, que abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis a ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos, actividade que non estaba regulada de forma expresa para o taxi.

O regulamento inclúe a habilitación aos concellos para autorizaren estes servizos mediante o pagamento por praza a través das ordenanzas municipais, e dirixidos a zonas de baixa densidade de poboación, débil tráfico ou sen as adaptacións necesarias en materia de accesibilidade.

Este tipo de servizos con cobramento por praza deberán ser máis económicos para os usuarios. Ademais, nestas condicións, de forma excepcional, os taxis poderán realizar servizos de transporte regular de uso xeral ou de transporte regular de uso especial.

O primeiro regulamento do taxi de Galicia aprobado hoxe polo Consello da Xunta é froito dunha fase de consultas previas con profesionais do sector e o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, incorporando aquelas achegas que resultaron viables.

O texto normativo desenvolve o contido da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de Galicia, coñecida como a Lei do taxi, co obxectivo de afondar na seguridade xurídica e nas facilidades administrativas para os profesionais e na clarificación dos dereitos dos usuarios.

En relación cos vehículos de turismo con condutor, os chamados VTC, o Decreto regula os únicos aspectos sobre os cales a Comunidade Autónoma é competente, entre elas a obriga de identificar mediante un distintivo específico os autos que realicen este tipo de servizos, para o cal xa está actualmente en tramitación unha orde específica.

Nese sentido, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia demanda que o Goberno central estableza un marco regulatorio claro que faga posible cumprir a ratio legalmente prevista de 1 licenza VTC por cada 30 de taxi.

Simplificación administrativa

O regulamento ofrece unha simplificación administrativa e unha maior seguridade xurídica aos profesionais do taxi, respondendo así a unha reivindicación dun sector en que interveñen tanto a Xunta como os concellos.

Así, o decreto reforza a vinculación e a coordinación entre os títulos administrativos habilitantes para a prestación de servizos de taxi, a licenza municipal para servizos dentro do termo municipal e a autorización autonómica para servizos interurbanos.

Desa forma, o beneficiario fará unha única solicitude ante unha plataforma electrónica, ante o concello, que produce automaticamente o inicio do expediente municipal e do autonómico e deberán concluír na emisión de das dúas resolucións, garantindo a coherencia entre elas.

Entre outras novidades, o decreto tamén desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta, ámbitos definidos por dous ou máis concellos limítrofes entre os cales se produza influencia recíproca entre os servizos de taxi. A área asumirá as competencias que correspondían aos concellos que a integren e os taxis poderán facer os seus servizos no conxunto do seu territorio.

Número de licenzas

O Decreto desenvolve, así mesmo, o establecido na Lei do taxi, segundo a cal o número máximo de licenzas por concello estará fixado en función da súa poboación, que ben será posible modificar esa cota en virtude de circunstancias concretas dun municipio.

Nestes casos, o concello deberá elaborar un estudo que xustifique tecnicamente a necesidade de licenzas e remitilo á Dirección Xeral de Mobilidade, quen emitirá o informe correspondente.

Dereitos dos usuarios

O regulamento completa o catálogo de dereitos das persoas usuarias, tales como o de obter axuda tanto para subir e baixar do vehículo coma para cargar e descargar equipaxes; o transporte das súas equipaxes ou pertenzas, podendo portar gratuitamente no maleteiro do vehículo un vulto por persoa usuaria, coa limitación da capacidade do dito maleteiro.

Os usuarios poderán, ademais, decidir sobre o funcionamento do aire acondicionado ou calefacción no vehículo ou e sobre o volume da radio, así como que se lle facilite o cambio de moeda ata o importe de 50 euros.

Características dos vehículos

O proxecto afonda nas características dos vehículos adscritos á prestación do servizo, introducindo como novidades que os coches de máis de 7 prazas (8 e 9) incluído o condutor, deberán dispoñer dunha praza adaptada para o transporte de persoas en cadeira de rodas.

Estes coches deberán ter un mínimo de catro portas e 330 litros de capacidade de maleteiro, ademais de estar dotados de dispositivos de calefacción e aire acondicionado.

En canto á antigüidade, non poderán superar os 12 anos en concellos de ata 20.000 habitantes ou no caso de taxis adaptados, e 10 nos municipios que superen esa poboación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE OLEIROS DA AVENIDA DE ROSALÍA DE CASTRO NA CAL INVESTIRÁN CASE 100.000 EUROS PARA A RENOVACIÓN DO FIRME

- ***A transferencia de titularidade do treito de 0,5 quilómetros da estrada autonómica AC-175 ao seu paso polo núcleo de Perillo é un dos compromisos recollidos no convenio asinado entre o Concello e a Consellería de Infraestruturas***
- ***O cambio de titularidade favorece a explotación da infraestrutura dende o punto de vista municipal, que asume a responsabilidade da súa conservación***
- ***A cesión desta vía ao municipio coruñés formalizarase mediante sinatura da acta de entrega no prazo dos dous meses seguintes á publicación no DOG***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Oleiros do treito da estrada AC- 175, ao seu paso polo núcleo de Perillo, denominado avenida de Rosalía de Castro.

Esta cambio de titularidade materialízase tras a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Oleiros para a rehabilitación do firme da avenida Rosalía de Castro, aprobado o pasado 8 de agosto polo Goberno galego, cun investimento de máis de 96.000 euros.

Esta estrada autonómica pertence á rede secundaria de titularidade autonómica e o treito que se transfere ao concello coruñés ten un carácter eminentemente urbano ao percorrer o núcleo de Perillo, determinado como tal na normativa urbanística. O tramo obxecto do cambio de titularidade aprobado hoxe iníciase en Perillo, na rotonda de intersección coa AC-174 e as rúas Areal e Barreira, e finaliza no ramal do enlace entre a AC-12 e a AC-173.

O Concello de Oleiros solicitou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda a transferencia deste treito da estrada autonómica AC-175, que ten unha lonxitude de 0,55 km e é coñecida como avenida Rosalía de Castro.

Os servizos competentes do departamento de Infraestruturas da Xunta emitiron informe favorable á solicitude e hoxe o Goberno galego rubricou o cambio de titularidade a prol do concello de Oleiros do treito da estrada AC-175, comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+550.

A Administración local aceptou o cambio de titularidade, para a racionalización das titularidades da rede viaria e para favorecer a explotación da infraestrutura dende o punto de vista municipal, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

Esta cambio de titularidade materialízase tras a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Oleiros para a rehabilitación do firme da avenida Rosalía de Castro, aprobado o pasado 8 de agosto polo Goberno galego, e no cal a Xunta inviste máis de 96.000 euros.

O cambio de titularidade deste estrada a prol do Concello de Oleiros cumpre co obxectivo de racionalizar a estrutura viaria municipal e permite unificar a titularidade da estrada no concello, conseguindo así unha mellor xestión dos recursos públicos.

A transferencia desta estrada provincial ao Concello de Oleiros tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e logo do acordo entre as administracións implicadas.

A cesión desta vía provincial ao concello coruñés formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 300.000 EUROS Á RESTAURACIÓN DO BOSQUE DE RIBEIRA NO RÍO UMIA AO SEU PASO POLO CONCELLO DA ESTRADA

- ***O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o convenio de colaboración polo que se executarán as obras e que Augas de Galicia poderá licitar nas vindeiras semanas***
- ***Na actualidade o trazado do Umia presenta un estado heteroxéneo, con zonas cun bosque ben conservado e outras prexudicadas por distintos factores, como as edificacións nas marxes, plantacións de especies alóctonas, campos de cultivo....***
- ***O obxectivo final desta actuación é acadar un estado o máis natural e recuperado posible do bosque de ribeira***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello da Estrada para a execución dunha actuación de restauración e conservación do bosque de ribeira no río Umia, no tramo que discorre no concello, así como conservar aquelas zonas cuxo estado sexa óptimo.

O convenio establece unha contía de case 300.000 euros para levar a cabo as actuacións, que serán licitadas nas vindeiras semanas por Augas de Galicia, logo da sinatura do convenio de colaboración.

Actualmente, o trazado do río Umia presenta un estado moi heteroxéneo, con zonas en que o bosque de ribeira foi conservado grazas ás características do terreo, e outras máis afectadas por distintos factores antrópicos, como as edificacións nas marxes do río, as plantacións de especies alóctonas, os campos de cultivo, os prados forraxeiros.... Na maioría destas zonas, o bosque de ribeira veuse desprazado, resultando moi escaso ou inexistente en moitas ocasións.

O obxectivo destas obras que recolle o convenio autorizado esta mañá é restaurar o bosque de ribeira do tramo do río Umia comprendido dentro do municipio da Estrada, así como conservar aquelas zonas cuxo estado sexa óptimo.

O bosque de ribeira é unha formación vexetal complexa cun alto valor ecolóxico e ambiental, xa que son fonte de biodiversidade e compren funcións esenciais para os ecosistemas acuáticos e para a calidade da auga. O obxectivo final desta actuación é alcanzar un estado o mais natural e recuperado posible do bosque de ribeira.

Deste xeito, con esta actuación -que está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder)- prevese a consecución de franxas protectoras ao longo do río, co fin de illar o leito fluvial da influencia do aproveitamento agrícola, tratando de acadar unha formación vexetal con función tampón e, deste modo, mellorar o estado desta masa de auga fluvial.

GALICIA CONTARÁ CON 15 NOVOS PROXECTOS INNOVADORES QUE SE IMPULSARÁN A TRAVÉS DA SEXTA EDICIÓN DE VIAGALICIA

- ***O programa de alto rendemento, que a Xunta desenvolve en colaboración co Consorcio Zona Franca de Vigo, ten como obxectivo acelerar proxectos que combinan a formación, a titorización e o mentoring cun espazo coworking e a achega de capital para facilitar o seu impulso***
- ***A convocatoria para participar abrirase o vindeiro mes de outubro***
- ***Desde a súa posta en marcha, ViaGalicia apoiou 160 iniciativas, das que 68 se constituíron como empresa e permitiron xerar 339 empregos***
- ***Forma parte da Rede galega de aceleradoras que, nos últimos 5 anos, apoiou preto de 900 proxectos***

A Xunta, en colaboración co Consorcio Zona Franca de Vigo, vai poñer en marcha unha nova edición, a sexta, do programa de alto rendemento ViaGalicia, co obxectivo de impulsar 15 novos proxectos innovadores na Comunidade. O Goberno galego ratifica, deste xeito, o seu apoio ao talento e ao emprendemento innovador.

Nesta nova edición, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Igape e XesGalicia, o Consorcio Zona Franca de Vigo e Vigo Activo achegará 1,5M € (máis do 60% do programa), aos cales se sumará a participación do Consorcio Zona Franca de Vigo e Vigo Activo para alcanzar os 2,4 millóns.

O obxectivo de ViaGalicia é acelerar proxectos considerados innovadores e investibles combinando formación, titorización e *mentoring*, cun espazo de traballo en *coworking* e coa achega de capital para facilitar o seu impulso. Deste xeito, contribúe a incentivar a creación de empresas, diversificar o tecido empresarial, modernizar e dinamizar os sectores estratéxicos, impulsar a transferencia de coñecemento e a creación de emprego cualificado, así como a retención de talento.

A convocatoria para participar nesta nova edición publicarase no mes de outubro. Como en ocasións anteriores, constará de diferentes fases: tras a convocatoria seleccionaranse 80 candidaturas (40 para a sede de Vigo e outras 40 para a de Lugo). Na segunda fase, Startup Day, seleccionaranse a metade das iniciativas que pasarán á Academia, onde accederán a un programa de formación teórico-práctico e tras o cal se elixirán os proxectos que participarán no Demo Day, unha presentación pública en que se seleccionará un máximo de 15 proxectos aos cales se lles ofertará financiamento e a incorporación á aceleradora. O programa remata co Investors Day, onde os proxectos que superen a fase anterior poderán ser presentados ante un panel de investidores privados e institucionais.

Ademais, os 15 proxectos seleccionados poderán acceder a axudas por un importe máximo de 125.000 euros e o elixido como o mellor proxecto empresarial da aceleradora ViaGalicia poderá ter un préstamo adicional de 150.000 euros.

Desde a súa posta en marcha ViaGalicia analizou preto de mil proxectos, e apoiou 160 - dos cales 68 se constituíron como empresa- que permitiron xerar 339 postos de traballo, cun investimento total de 9,5M €.

ViaGalicia forma parte da Rede galega de aceleradoras, constituída por diferentes programas de aceleración impulsados por entidades público-privadas, poñendo a disposición dos emprendedores galegos de carácter innovador o máis completo ecosistema de apoio á aceleración e consolidación das súas iniciativas empresariais. Esta rede permitiu apoiar, nestes últimos cinco anos, preto de 900 proxectos de emprendemento.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN RENOVA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DA SORBONA (PARÍS) PARA A PROMOCIÓN EXTERIOR DO GALEGO

▪ ***A Consellería destina 12.000 euros a dar continuidade a este acordo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Université de la Sorbonne Nouvelle, Paris III (Francia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. Desta forma, dáse continuidade ao acordo con esta institución académica para favorecer a difusión exterior da nosa lingua. O importe destinado, igual que no último convenio asinado para este fin, ascende a 12.000 euros.

O convenio ten por obxecto darlle continuidade aos estudos da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do *Departamento Etudes Ibériques et Latino-Américaines (Centre d'Etudes Galiciennes)* e do *Bureau des Enseignements Transversaux*, da man da persoa lectora de lingua, literatura e cultura galegas coa que conta a universidade parisiña. Así mesmo, con cargo ao acordo poderanse organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da nosa lingua, literatura e cultura; así como adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas no acordo.

Difusión do galego

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Para alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

EDUCACIÓN MOBILIZA 41,1 MILLÓNS DE EUROS PARA BLINDAR O INCREMENTO DE 1.260 €/ANO DOS SALARIOS DOS DOCENTES EN GALICIA

- ***O Consello da Xunta autorizou o gasto que permite executar a suba de 90 euros/mes nas nóminas do profesorado a partires deste mes de outubro e que se completará en dous anos***
- ***Este aumento salarial é froito do acordo entre a Consellería e os sindicatos UGT e CCOO sobre as novas retribucións segundo as cales o profesorado galego pasa a situarse na parte alta da táboa retributiva ao escalar aos primeiros postos do ranking interautonómico***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 41,1 millóns de euros para facer efectivo incremento salarial dos docentes galegos, que empezará a aplicarse na nómina deste mes de outubro.

Esta suba retributiva, -que supón que o profesorado galego verá incrementado o seu salario nunha contía de 1.260 €/ano, a razón de 90 € ao mes en catorce pagas-, é froito do acordo asinado o pasado mes de xullo entre a Consellería e os sindicatos CCOO e FeST-UGT; e que supón, ademais, que os docentes galegos se sitúen na parta alta da táboa retributiva no ranking interautonómico.

Segundo o dito acordo, establécese un aumento salarial lineal de 1.260 €/ano para o conxunto dos 32.500 docentes que conforman o sistema educativo público galego (sexan funcionarios de carreira, interinos ou substitutos) e para todos os corpos docentes. Isto tradúcese nunha contía mensual de 90 € repartidos en 14 pagas, e nun incremento porcentual medio do 4% (en función dos corpos e dos sexenios e trienios de cada caso).

Este incremento salarial empezárase a aplicar xa o vindeiro mes de outubro e irase implementando de xeito paulatino ata o ano 2021. Isto é, entre outubro e decembro deste ano a suba vai ser de 15 €/mes; a partir do 1 de xaneiro de 2019 xa se aplicarán outros 20 €/mensuais máis; ao longo de 2020 o incremento será doutros 25 €; e finalmente o 1 de xaneiro de 2021 procederase á última suba, de 30 € mensuais, completando así o cen por cen do incremento recollido no acordo.

Parte alta da táboa interautonómica

Con este acordo cúmprese a folla de ruta marcada desde o primeiro momento e que, por outra parte, respondía ás demandas das propias organizacións sindicais: lograr un incremento salarial para o conxunto dos docentes, e que ese incremento os situase na parte alta da táboa.

Así mesmo, Galicia pasa a situarse na parte alta da táboa de retribucións en comparación co resto das comunidades autónomas. Tomando como referencia as retribucións anuais sen sexenios, os docentes galegos escalan cinco postos e sitúanse no 5º e 6º lugar da táboa -ata o de agora estaban no 10º e no 11º- segundo pertenzan ao corpo de mestres

ou ao de profesores de secundaria (ata o de agora estaban no 10º e 11º). Sen contar o País Vasco e Navarra, por teren un réxime fiscal propio, Galicia sitúase no 3º e 4º posto desta táboa.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 90 MILLÓNS DE EUROS ATA O ANO 2023 PARA A EXECUCIÓN DE ACOLLEMENTO RESIDENCIAL E ATENCIÓN DE DÍA

- ***O contrato ten unha vixencia inicial ata o 2021 por un importe de preto de 44 millóns de euros***
- ***A través del, ofértanse un total de 516 prazas dirixidas a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección***
- ***O obxectivo é dar resposta ás necesidades das persoas menores co fin de favorecer o pleno desenvolvemento de todas as facetas da súa personalidade nun ambiente o máis parecido ao ámbito familiar***

A Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un contrato de servizos por importe de 90,3 millóns de euros para a execución de programas de intervención en réxime de acollemento residencial e de atención de día dirixidos a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección.

A Xunta de Galicia conta con equipamentos propios que son insuficientes para cubrir a demanda polo que a Consellería de Política Social, a través destes programas, promove a colaboración doutras entidades privadas de iniciativa social, que por razón do seu obxectivo e realización de actividades, teñen relación directa coa atención de menores. A finalidade deste programa é dar resposta ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo para favorecer o pleno desenvolvemento de todas as facetas da súa personalidade nun ambiente o máis parecido ao ámbito familiar.

Este novo contrato, ten unha vixencia inicial ata o 2021 por un importe de preto de 44 millóns de euros e é prorrogable ata o 2023, o que suporía un investimento total de 90,3 millóns de euros desde 2018 ata 2023. A través del, ofértanse 408 prazas para dar cobertura ás necesidades de acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda e outras 108 prazas de atención de día, modalidade preventiva dentro da medida de apoio á familia. En total, 516 prazas que se reparten nas catro provincias galegas.

Con esta nova contratación incrementábase o prezo por praza/menor/día en acollemento residencial acorde cos servizos que desde os centros se prestan e que supón unha mellora de máis do 58% no prezo da praza xeral en acollemento residencial.

A praza especial tamén se incrementa, tendo en conta que estas prazas teñen como obxectivo dar atención individualizada a nenos, nenas e adolescentes con necesidades especiais que requiren dun esforzo extra na tarefa de integración e desenvolvemento dos menores.

Deste xeito, os novos prezos de licitación para as mini residencias son de 84,57 euros para praza xeral, 108,25 euros para praza especial e 45,79 euros para praza de día. Os prezos para as casas de familia son de 85,77 euros para praza xeral, 109,79 euros para praza especial e 45,79 euros para praza de día. No que respecta a centros con fogares, os importes son de 67,81 euros para praza xeral, 86,80 euros para especial e 45,79 euros

para praza de día. Por último, os centros de titularidade da Xunta teñen un prezo de 70,83 euros en praza xeral, 90,66 euros para especial e 45,79 para praza diúrna.

A principios de ano xa se realizou a adxudicación das 54 primeiras prazas con prezos actualizados e a través da aprobación dos pregos presentados hoxe en Consello, continúaase con esta actualización. Co fin de acadar unha mellora integral da atención dos menores con medida de protección, a Xunta de Galicia publicou o pasado mes de agosto unha nova convocatoria de subvencións para o investimento nos centros de atención a menores. Estes investimentos poden realizarse a través da adquisición de equipamento ou a realización de obras que redunde no benestar dos usuarios. O orzamento destinado para este fin é de 625.000 euros. Con todo, a mellor medida de protección é o acollemento familiar sempre que este sexa posible, por iso este ano incrementouse a partida destinada nun millón d euros, chegando aos 3,4 millóns, chegando a un 59% do acollemento familiar.

Estes contratos enmárcanse no Programa de intervención en réxime de acollemento residencial e o programa de atención de día de menores con medida de protección, no cal participan no seu desenvolvemento outras entidades de iniciativa social a través dos correspondentes contratos administrativos ou de convenios de colaboración. A poboación á que vai dirixido este programa é a aqueles menores sobre os que a Xunta de Galicia adoptou algunha medida de protección. No primeiro semestre de 2018 houbo 2033 menores tutelados, 526 menores en garda (ás que hai que sumar 45 gardas con fins de adopción), e 1051 menores está baixo réxime de acollemento residencial e outros 1508 baixo acollemento familiar.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 90 MILLÓNS DE EUROS ATA O ANO 2023 PARA A EXECUCIÓN DE ACOLLEMENTO RESIDENCIAL E ATENCIÓN DE DÍA

- ***O contrato ten unha vixencia inicial ata o 2021 por un importe de preto de 44 millóns de euros***
- ***A través del, ofértanse un total de 516 prazas dirixidas a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección***
- ***O obxectivo é dar resposta ás necesidades das persoas menores co fin de favorecer o pleno desenvolvemento de todas as facetas da súa personalidade nun ambiente o máis parecido ao ámbito familiar***

A Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un contrato de servizos por importe de 90,3 millóns de euros para a execución de programas de intervención en réxime de acollemento residencial e de atención de día dirixidos a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección.

A través destes programas, a Xunta de Galicia conta con equipamentos propios que son insuficientes para cubrir a demanda, polo que a Consellería de Política Social, promove a colaboración doutras entidades privadas de iniciativa social que, por razón do seu obxectivo e realización de actividades, teñen relación directa coa atención de menores. A finalidade deste programa é dar resposta ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo para favorecer o pleno desenvolvemento de todas as facetas da súa personalidade nun ambiente o máis parecido ao ámbito familiar.

Este novo contrato ten unha vixencia inicial ata o 2021 por un importe de preto de 44 millóns de euros e é prorrogable ata o 2023, o que suporía un investimento total de 90,3 millóns de euros desde 2018 ata 2024. A través del ofértanse 408 prazas para dar cobertura ás necesidades de acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda e outras 108 prazas de atención de día, modalidade preventiva dentro da medida de apoio á familia. En total, 516 prazas que se reparten nas catro provincias galegas.

Con esta nova contratación increméntase o prezo por praza/menor/día en acollemento residencial acorde cos servizos que desde os centros se prestan e que supón unha mellora de máis do 58% no prezo da praza xeral en acollemento residencial.

A praza especial tamén se incrementa, tendo en conta que estas prazas teñen como obxectivo dar atención individualizada a nenos, nenas e adolescentes con necesidades especiais que requiren dun esforzo extra na tarefa de integración e desenvolvemento dos menores.

Deste xeito, os novos prezos de licitación para as mini residencias son de 84,57 euros para praza xeral, 108,25 euros para praza especial e 45,79 euros para praza de día. Os prezos para as casas de familia son de 85,77 euros para praza xeral, 109,79 euros para praza especial e 45,79 euros para praza de día. No que respecta a centros con fogares, os

importes son de 67,81 euros para praza xeral, 86,80 euros para especial e 45,79 euros para praza de día. Por último, os centros de titularidade da Xunta teñen un prezo de 70,83 euros en praza xeral, 90,66 euros para especial e 45,79 para praza diúrna.

A principios de ano xa se realizou a adxudicación das 54 primeiras prazas con prezos actualizados e a través da aprobación dos pregos presentados hoxe no Consello, continúaase con esta actualización. Co fin de acadar unha mellora integral da atención dos menores con medida de protección, a Xunta de Galicia publicou o pasado mes de agosto unha nova convocatoria de subvencións para o investimento nos centros de atención a menores. Estes investimentos poden realizarse a través da adquisición de equipamento ou a realización de obras que redunde no benestar dos usuarios. O orzamento destinado para este fin é de 625.000 euros. Con todo, a mellor medida de protección é o acollemento familiar sempre que este sexa posible, por iso este ano incrementouse a partida destinada nun millón de euros, chegando aos 3,4 millóns, chegando a un 59% do acollemento familiar.

Estes contratos enmárcanse no Programa de intervención en réxime de acollemento residencial e o programa de atención de día de menores con medida de protección, no cal participan no seu desenvolvemento outras entidades de iniciativa social a través dos correspondentes contratos administrativos ou de convenios de colaboración. A poboación a que vai dirixido este programa é a daqueles menores sobre os cales a Xunta de Galicia adoptou algunha medida de protección. No primeiro semestre de 2018 houbo 2033 menores tutelados, 526 menores en garda (aos cales hai que sumar 45 gardas con fins de adopción), e 1051 menores está baixo réxime de acollemento residencial e outros 1508 baixo acollemento familiar.

A XUNTA CONSTITÚESE EN PARTE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLO CRIME POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE ANA BELÉN VARELA ORDÓÑEZ

- ***Dende o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou constituírse en parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero***

A Asesoría Xurídica da Xunta compareceu, por instancia da Secretaría Xeral de Igualdade, como acción popular no caso do crime de Ana Belén Varela Ordóñez por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia compareceu nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Carballo, que aceptou a comparecencia.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero.

No dito acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán perante o xulgado de Instrución ou de vixilancia de violencia sobre a muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero, escrito procesual exercendo a acción popular, constatada a súa existencia, sempre que se conte coa autorización da familia para esta acción.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento ao artigo 30 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta praga.

A XUNTA REAFIRMA A SÚA APOSTA POLA FORMACIÓN DO PERSOAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

- ***Por quinto ano consecutivo, a Xunta convocou as axudas destinadas ao financiamento dos plans de formacións das entidades locais de Galicia***
- ***Financiáronse 9 plans de formación ao abeiro desta convocatoria, cun orzamento que supera os 410.000 euros***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao informe que dá conta da resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para este exercicio e que ten como principal obxectivo mellorar a formación dos empregados públicos como garantía dun servizo eficaz e de calidade.

Con estas axudas, por quinto ano consecutivo, a Xunta de Galicia amosa o seu total apoio a todas aquelas accións que favorezan a formación dos empregados públicos dos entes locais de Galicia, entendida esta como garantía dun servizo de calidade, xa que estas accións repercuten de xeito directo na eficiencia e eficacia das entidades locais.

A importancia que se lle concede ao conxunto de accións estratéxicas encamiñadas á actualización profesional dos traballadores demostra o esforzo conxunto por modernizar a xestión administrativa e ofrecer uns servizos de calidade nun marco de proximidade á cidadanía.

O orzamento para 2018 ascende a 410.841 euros, e presentáronse un total de nove plans de formación, concretamente das catro deputacións provinciais, da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, e dos concellos de A Coruña, Cangas e Pontevedra.

Á hora de valorar as propostas, tivéronse en conta diversas cuestións, como que todas as actividades desenvolvidas deberán garantir a promoción da igualdade real e efectiva de homes e mulleres. Ademais, outorgárase maior puntuación aos plans formativos agrupados e a aqueles que inclúan actividades sobre a Lei de transparencia ou a Administración electrónica.

AS XESTIÓNS EN LIÑA COA XUNTA SUPERAN XA ÁS PRESENCIAIS

- ***Nos primeiros seis meses de 2018 o 53% dos trámites rexistráronse de xeito telemático fronte ao 44% do mesmo período de 2017***
- ***O sistema de indicadores do Plan de Goberno e Administración Dixital 2020 constata o incremento no uso dos servizos electrónicos***
- ***A plataforma de Interoperabilidade Pasaxe! evitou a presentación de máis de 3 millóns de documentos aos cidadáns***
- ***Triplícanse nun ano as notificacións electrónicas que os usuarios poden recibir no seu móbil***

Entre xaneiro e xuño de 2018 o 53% das xestións rexistradas pola Administración autonómica presentáronse en liña, ben a través da sede electrónica da Xunta ou das oficinas virtuais. No mesmo período de 2017 a porcentaxe de presentacións a través da internet foi do 44%. Este é un dos datos que recolle un informe sobre o sistema de indicadores do Plan de Goberno e Administración dixital de Galicia 2020, elaborado pola Amtega e elevado hoxe ao Consello da Xunta.

O sistema de indicadores do Plan de Administración dixital ten como obxectivo dar conta da evolución de uso e implantación dos diferentes servizos dixitais para comprobar o nivel de adaptación ás obrigas da Lei 39/2015. Esta información achega valor para a toma de decisións relativas á implantación das medidas do plan. O sistema de indicadores recolle tanto información de uso por parte de cidadáns e empresas como a nivel interno.

Indicadores de uso

De feito constata o incremento por parte do empregados públicos da Plataforma de interoperabilidade Pasaxe!, con 3,3 millóns de consultas no primeiro semestre do ano e 61 servizos dispoñibles de 17 organismos diferentes. Esta plataforma, coa que se evita aos cidadáns achegar documentación que xa están en poder da Administración como o DNI, certificados de familia numerosa ou discapacidade, títulos universitarios..., experimentou un aumento no número de consultas de máis do 113% no último ano. Cómpre destacar que Galicia está no segundo posto en consultas de interoperabilidade por cada 100 habitantes no ranking estatal.

As notificacións electrónicas, que o usuario pode recibir no móbil en lugar de en papel a través da caixa de correos, triplicáronse, pasando máis de 43.000 a máis de 137.000 de xuño de 2017 a xuño de 2018.

Aínda que se segue a asinar en papel, o uso da sinatura dixital segue a estenderse no funcionamento interno da Administración e na relación con outras administracións e entidades, que poden empregar a Sala de Sinaturas para rubricar documentos. No primeiro semestre deste ano rexistráronse na Xunta máis de 1,1 millóns de documentos asinados electronicamente fronte aos máis de 691.000 de 2017.

Outros avances da Administración dixital

A evolución destes catro indicadores no último ano constatan a consolidación no uso dos servizos dixitais. Estes avances non serían posibles sen outros elementos menos visibles pero fundamentais para conseguir unha Administración integramente dixital como o Arquivo Electrónico Único. É a pedra angular da Administración dixital que alberga os expedientes dixitais que se xeran con cada procedemento

A dixitalización da documentación que se recibe en papel presencialmente nas oficinas de rexistro é outro aspecto chave para avanzar cara a un funcionamento totalmente dixital. En Galicia completouse a dixitalización dos 8 rexistros da Xunta que concentran o 53% da entradas de documentación: o Rexistro Xeral, os rexistros Únicos da Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense e o rexistro da Amtega.

Estes rexistros están equipados para dixitalizar os documentos que os cidadáns entregan en papel, iniciando así o expediente dixital dese procedemento, que se enviará en formato electrónico ao departamento responsable da súa xestión, reducindo tempos de espera e evitando perdas ou extravíos. Ese expediente dixital, almacénase no Arquivo Electrónico Único, onde estará accesible en liña dun xeito seguro e controlado tanto para aos empregados públicos como para o propio interesado.

Seguintes fitos do Plan de Goberno dixital

Aínda que o uso dos servizos dixitais está cada vez máis estendido, as xestións en liña non poden supoñer unha barreira para ningún cidadán na súa relación coa Administración. Por iso, outra das obrigas que afrontarán as administracións é a transformación das actuais oficinas de Rexistro nunha rede de oficinas de atención á cidadanía, nas cales se prestará asistencia aos cidadáns na xestións en liña coa Administración, tanto na presentación de escritos, solicitudes e documentación como na tramitación da identificación dixital.

En liña co anterior está a figura do funcionario habilitado, que posibilitará que unha persoa autorizada ou un funcionario poida realizar trámites telemáticos en nome doutra persoa. Con tal fin, a norma establece a creación do Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos.

A Administración do futuro máis inmediato busca ter unha visión integral do cidadán, que estea no centro de todo o proceso e que non sexa un actor máis. Conseguilo dará resposta a demanda da sociedade de ter ao seu alcance unha Administración máis transparente, proactiva e con máis e mellores servizos.

A XUNTA DESTACA A OPORTUNIDADE QUE GALICIA TEN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR EÓLICO A TRAVÉS DOS 35 PROXECTOS IDENTIFICADOS NAS TRES POXAS DO ESTADO

- ***Nesta aposta do Goberno galego polas enerxías renovables inclúense un proxecto de biomasa e outro de fotovoltaica, que tamén foron identificados***
- ***A axilización na tramitación administrativa promovida polo Goberno galego permitirá contar en 2020 con 700MW máis de enerxía eólica***
- ***Xa contan con autorización administrativa 23 parques que sumarán 540MW, o que supón o 77% do total para acadar o obxectivo***
- ***O desenvolvemento deste sector contribuirá ao impulso económico da Comunidade, coa xeración de emprego e de novos ingresos para os concellos, así como á mellora do medio ambiente***

A Xunta destaca a oportunidade que Galicia ten para o desenvolvemento do sector eólico a través dos 35 proxectos identificados nas tres poxas de enerxías renovables, celebradas polo Estado entre 2016 e 2017.

Trátase dun mecanismo con que o Goberno central pretende cumprir co escenario obrigatorio en materia de enerxía renovable establecido por Europa, polo que os proxectos desenvolvidos ao abeiro destas tres poxas deben entrar en funcionamento antes do 31 de decembro de 2019.

Tal e como se recolle no informe presentado hoxe ao Consello da Xunta, Galicia ten identificados un total de 37 proxectos, dos cales 35 son do sector eólico, un de biomasa e outro de enerxía fotovoltaica. Deses 35, un xa está en funcionamento –trátase do parque eólico Fontesilva promovido en Coristanco por EDP cunha potencia de 7,2 MW–; dous teñen a autorización de explotación –os parques Muxía I e II, promovidos tamén por EDP cunha potencia de 46 e 22 MW, respectivamente–; 20 parques teñen autorización de construción e 12 proxectos están en tramitación.

Deste xeito, Galicia conta con 23 proxectos con autorización administrativa cunha potencia total de 540 MW, o que supón o 77% do total para acadar o obxectivo de que a Comunidade conte con 700 MW máis de enerxía eólica en 2020 e chegar, así, aos 4000 MW en funcionamento.

Para conseguilo, os promotores que obtiveron retribución eólica na terceira poxa (xullo do ano pasado), deberán cumprir os compromisos adquiridos e conseguir a autorización administrativa antes do 13 de outubro, unha vez que os da segunda poxa (maio de 2017) xa a conseguiron no prazo estipulado: o pasado 4 de agosto.

A Xunta de Galicia, a través de medidas como as fixadas na Lei de implantación empresarial, está a impulsar o sector, dando facilidades ao seu desenvolvemento e velando, á vez, polo cumprimento de todas as garantías urbanísticas, técnicas e

ambientais. Entre as medidas destacan a creación da figura de declaración de especial interese (28 dos 35 parques identificados contan xa con ela) que permite outorgar unha maior axilidade administrativa para que se cumpran os prazos; o rexistro eólico ou a simplificación e racionalización do procedemento.

O impulso da enerxía eólica en Galicia, en paralelo ao respecto polo medio e polo patrimonio galego, supón unha oportunidade económica pola xeración de emprego que leva consigo e polos beneficios que outorga aos concellos mediante o canon eólico, ademais dunha aposta pola mellora do ambiente. Por outra banda, dá resposta ás Directrices enerxéticas de Galicia, que recollen aumentar a produción de enerxía renovable ata 2020 cun investimento de 1300 millóns de euros. Ademais do desenvolvemento eólico, as Directrices contemplan o impulso ás fontes de enerxía renovables autóctonas, entre as cales se inclúen tamén a biomasa –na cal o exemplo máis destacado é a construción dunha planta de xeración eléctrica a partir de biomasa en Curtis cunha potencia de 49,9MW- ou a fotovoltaica, cun proxecto que se desenvolverá no marco das poxas.

A XUNTA SUBVENCIONOU A POSTA EN MARCHA E FUNCIONAMENTO DE 16 UNIDADES DE ATENCIÓN TEMPERÁ ENTRE OS ANOS 2016 E 2018 QUE DAN SERVIZO A 92 CONCELLOS GALEGOS

- ***O obxectivo é prestar atención a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos***
- ***A convocatoria de axudas publicada este ano para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá ten un crédito inicial previsto de 1,4 millóns de euros***

A Consellería de Política Social presentou hoxe no Consello da Xunta o informe sobre as 16 novas unidades de atención temperá postas en marcha entre 2016 e 2018 que prestan este tipo de servizos a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos en 92 concellos galegos.

O departamento autonómico promove a prestación deste tipo de servizos mediante o financiamento de dúas liñas de actuación, dirixidas por unha banda ás entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade e por outra ás entidades locais galegas.

Así pois, a Xunta subvenciona, a través dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), o funcionamento de tres unidades situadas nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños, cun orzamento total en 2018 de 315.000 euros e que dan servizo a 22 concellos galegos.

Así mesmo, para o financiamento dos servizos integrados na Rede galega de atención temperá, a Xunta convocou para os anos 2016 e 2017 unha liña de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo PO FSE Galicia 2014-2020, destinada ás entidades locais de Galicia que prestasen este tipo de servizos ben de xeito individual ou ben mediante sistema de xestión compartida, a través de agrupacións ou mancomunidades de concellos e consorcios locais. A dotación orzamentaria desta convocatoria foi de 2,2 millóns de euros. A contía máxima da subvención ascendeu a 180.000 euros no caso de ser solicitude individual e a 220.000 euros no caso dunha solicitude para a xestión compartida ou de tratarse dunha fusión de concellos.

A través desta convocatoria puxéronse en marcha as seguintes seis unidades de atención temperá que comprenden un total de 34 concellos e que atenderon máis de 800 nenos e nenas: a da Mancomunidade de Verín, Mancomunidade de Carballiño e do Ribeiro, Mancomunidade de Ordes, concellos da Pobra do Caramiñal e Ribeira, concellos de Alfoz, Burela e Lourenzá e concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

A convocatoria de axudas publicada este ano 2018 para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá ten un crédito inicial previsto de 1,4 millóns de euros distribuído en dous programas: consolidación de servizos financiados ao abeiro da orde

precedente e servizos actualmente non subvencionados ao abeiro da citada orde e implantación de novos.

O orzamento destinado para o vindeiro período subvencionable representa un incremento do 13,03% con respecto ás anualidades de 2016 e 2017.

Serán beneficiarias da nova convocatoria a mancomunidade da comarca de Verín, a agrupación de concellos da Pobra do Caramiñal, Ribeira e Boiro, a mancomunidade da comarca de Ordes, a agrupación de concellos das mancomunidades de Carballiño e do Ribeiro, a agrupación de concellos de Burela, Alfoz, Barreiros, Cervo, Foz, Lourenzá, Ribadeo e Xove, a agrupación dos concellos de Noia, Porto do Son, Lousame, Muros e Outes, a mancomunidade de concellos de Santa Águeda, o concello de Teo, o concello de Cangas, a agrupación dos concellos de Abadín, Mondoñedo, Pastoriza, Riotorto e Trabada, a agrupación de concellos de Antas de Ulla e Portomarín, a agrupación de concellos de Santa Comba e Mazaricos e a agrupación de concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas.